


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
E OBRAS PÚBLICAS

Dirección Xeral de Obras Públicas



ASUNTO: CIRCULAR Nº 1/92 RELATIVA A TRAMITACION DE EXPEDIENTES SOBRE ESTACIONES DE SERVICIO NA REDE DE ESTRADAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Como consecuencia das transferencias de competencias en materia de estradas ás Comunidades Autónomas, a Administración Central do Estado aclarou mediante circular o procedemento de tramitación de autorizacións para a instalación de Estacións de Servicio na Rede de Interese Xeral do Estado, coa finalidade de dar coherencia e unifica-los criterios de resolución deste tipo de expedientes.

A crecente importancia que o novo Plan de Estradas aprobado pola Xunta de Galicia presta ás Vías de Alta Capacidade, a constatación nos últimos tempos do gran número de autorizacións que se solicitan con esta finalidade, así como o establecemento de criterios homoxeneos no outorgamento destas autorizacións, xustifican tamén que a nosa Comunidade Autónoma realice unha aclaración da tramitación de expedientes para o establecemento das Estacións de Servicio de Carburantes na rede autonómica. Como consecuencia do exposto, esta Dirección Xeral resolveu:

Que a partires desta data as solicitudes que se presenten nas Delegacións Provinciais para a posible ubicación de instalacións de servicio na rede autonómica, deberán rexistrarse e acompañadas cun informe técnico remitirse, xunto coa petición, á Dirección Xeral de Obras Públicas, nun prazo inferior a dous meses contados dende a data do rexistro de entrada.

No caso de que a estación solicitada afecte a unha das Vías de Alta Capacidade contempladas no Plan de Estradas aprobado

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
E OBRAS PÚBLICAS


Dirección Xeral de Obras Públicas

polo Consello da Xunta o 18 de xullo de 1991, cúa relación acompañase no anexo á presente circular, a Delegación Provincial asterase de realizar calquera actuación, limitándose a enviar inmediatamente a solicitude a esta Dirección Xeral.

Corresponderá á Dirección Xeral de Obras Públicas resolver sobre a pertinente autorización ou denegación da posible ubicación da Estación de Servicio solicitada, sin perxucio de outras competencias concurrentes nesta materia.

Tóda solicitude en tramitación que, desde a data da presente circular, non fose notificada a súa resolución oficialmente ós interesados, quedará suxeita á tramitación prevista na presente circular.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 1992



O DIRECTOR XERAL,

Asdo: Emilio García Gallego

ILMO. SR. DELEGADO PROVINCIAL DA C.O.T.O.P.
A CORUÑA.-

ANEXO

Vías de Alta Capacidad contempladas no Plan de Estradas de Galicia:

- *Rande-Cangas*
- *Coruña-Carballo*
- *Ferrol-San Sadurniño*
- *Pontevedra-Sanxenxo*
- *Padrón-Riveira*
- *Lalin-Monforte*
- *Puxeiros-Baiona*